Descubre

# BESTAS, FERAS, BECHOS E ANIMAIS

no Museo das Mariñas



Agochados polo museo temos máis de medio cento de animais: bordados na roupa, esculpidos na pedra ou pintados con delicadeza. Non queremos que os atopes todos. Queremos que rebusques a ver se eres capaz de atopar os seguintes:

1. Un can ensinando o cú á cámara, co pelaxe negro e a coliña branca
2. O seplucro dun cabaleiro co que pode ser un lobo ou un can
3. Os leóns que sosteñen o sepulcro de Sancha Rodríguez
4. Un lobo ca cabeza recén cortada, co sangue caendo por debaixo do pescozo e a lingua de fóra. Coidado ca águia que ten ao seu lado!
5. Un can moi fiel, enterrado aos pés do seu dono, un cabaleiro tamén moi fiel co seu señor
6. Un cabalo moi pesado trotando pola fraxilidade dun abano
7. Un pavo colorido co que abrigarse da auga os días de chuvia
8. Dous porquiños recén mercados na feira

9. Unha pomba branca que está buscando o camiño cara o ceo na sala máis escura
10. Un burriño ca súa dona esperando para entrar no Cine Alfonsetti
11. Un boi (ou dous?) tirando do carro e agardando que monten as terrazas dos Soportais
12. As sardiñas que enchen a patela da sardiñeira
13. Os cabalos que debuxa Veiga Roel galopando polo Campo
14. A galiña da Galera (que non a oca!).
15. Un canciño famento no adro de Santa María
16. Unha balea. Como non temos tanto espazo no museo, chega con que atopes o seu óso da mandíbula
17. Dous leóns en dous recunchos: un que podes acariciar e outro que podes colgar dun balcón
18. Unha serpe envolta nunha maceira
19. Un macaco co que alegrar as festas
20. Un polbo. Ou unha das súas patas, con aceite, sal e pimentón



Agora deixa voar a túa imaxinación e debuxa aos protagonistas desta fotografía que temos gardada no Arquivo Municipal. É unha familia volvendo da feira pola Ponte Nova, cargando ca súa compra: dous porquiños.